

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 13 DE ABRIL AO 17

Bos días a todos e todas!

Xa levamos case un mes de confinamento e seguramente se está facendo duro para moitos de vós. Pero nestes momentos non hai que baixar a garda, esperemos que este grande esforzo colectivo pronto dea resultados positivos. Moito ánimo e unha aperta!

REPASO E AMPLIACIÓN: OS TEXTOS ARGUMENTATIVOS

Argumentar consiste en achegar razóns para defender unha opinión. A argumentación emprégase para desenvolver temas que se prestan á controversia e, ao mesmo tempo, que intentan dar unha información o máis completa posible sobre eles; pretenden persuadir o lector mediante un razoamento. A argumentación apoíase en ideas lóxicamente aceptables. Cando queremos manifestar, defender ou contradicir opinións, empregamos diversos argumentos. A solidez das nosas opinións vén dada por eses argumentos e a forma de expolos, que ten que ser clara, ordenada, coherente e xerarquizada, como veremos máis adiante.

Elementos da argumentación

- Tese: é a idea fundamental que se defende. Constitúe o núcleo da argumentación, onde se expón o tema do que vai tratar o texto. Ten que presentarse de xeito claro, obxectivo e conciso.
- Corpo: logo de exposta a tese, ofrécense os argumentos para confirmala ou rexeitala (contraargumentos).
- Conclusión: que reafirma ou reitera a tese, a partir dos elementos do apartado anterior

Elaboración dun texto argumentativo (Técnicas para expoñer as nosas razóns de maneira convincente):

- Presentar con sinxeleza e claridade o que queiramos expor. É conveniente expormos a nosa opinión cunha frase breve e simple, sen palabras inútiles. Exemplos:eu penso que,quero expresar o meu desacordo,sobre ese asunto eu quero manifestar,vou dar a miñaopinión sobre...
- Definir previamente o significado das principais palabras coas que expresamos a nosa opinión. Cando poida haber dificultade para que o auditorio ou o lector entendan do que imos falar, é preciso aclarar cal é para nós o significado daqueles termos que poidan

interpretarse mal.

- Termos en conta cal é o público ao que nos diriximos (adecuación). Non é o mesmo unha argumentación dirixida a un público experto ou coñecedor da materia que tratamos, que a un que nonsabe nada do asunto, se é un auditorio infantil ou adulto, formado ou non, etc.
- Empregar argumentos válidos para xustificar a nosa opinión: os que sexan máis eficaces para o público ao que nos diriximos (adecuación). Non podemos usar os mesmos argumentos con nenos quecos adultos, cun auditorio culto que con xente iletrada, etc.

Os conectores nos textos argumentativos

Os conectores **de orde** (primeiro, segundo, terceiro, por unha banda, doutra banda, etc.); **explicativos** (ou sexa, é dicir, isto é, a saber; noutras palabras, etc.) e **de contraste** (en cambio, pola contra e por contra, etc.) son moi útiles cando redactamos textos argumentativos xa que axudan a organizar o texto e lle achegan coherencia e cohesión. Tamén se utilizan moito os conectores **de causa**: por, porque, como, posto que, dado que, debido a (que), a causa de (que), considerando (que), tendo en conta (que)...

Exemplo

1. **Redacta un texto no que expliques, de maneira argumentada, como valorarías que na túa localidade se instalase unha industria altamente contaminante que xerese importantes beneficios económicos. (Extensión aprox. 200-250 palabras)**

Dende que a sociedade comezou a tomar conciencia dos perigos do desenvolvemento industrial, existe un constante conflito entre preferir maior prosperidade laboral ou unha mellor conservación do medio ambiente. **Persoalmente, valoraría negativamente a instalación dunha destas industrias na miña zona, pois conta con máis inconvenientes que vantaxes.(TESE)**

En primeiro lugar(CONECTOR), xa estamos a coñecer os danos medioambientais provocados por industrias instaladas hai tan só unhas décadas, non só en países do terceiro mundo senón tamén na nosa contorna. **Por exemplo, a construción da fábrica da papeleira Ence en Pontevedra tivo consecuencias directas na vida dos veciños, cuxa calidade de vida empeorou por mor das emisións contaminantes.(ARGUMENTO)**

Ademais(CONECTOR), a suposta balanza de empregos positiva que xerarían estas fábricas contrarréstase cos postos de traballo perdidos noutros sectores. Volvendo ao exemplo de Ence, a explotación masiva de recursos naturais e a destrución da ría acabaron con centos de empregos no sector primario, especialmente o pesqueiro.

En segundo lugar, cómpre salientar a cantidade de alternativas sostibles que existen ás industrias máis contaminantes, especialmente no campo da enerxía no que se centra o texto. Carecería de sentido, nos tempos de transición ecolóxica nos que vivimos, construír unha central térmica podendo apostar por, por exemplo, un campo de turbinas eólicas cuxo impacto medioambiental é moito menor.

En conclusión, a instalación de industrias contaminantes xera sen dúbida grandes beneficios

económicos, pero semella que só para os empresarios, pois os empregos creados implican a destrución de moitos outros e fortes danos á terra, sendo en síntese máis negativo que positivo para as localidades afectadas.

(256 palabras)

Redacta un texto no que expoñas a túa opinión sobre vantaxes e inconvenientes da existencia dunha única lingua universal para todo o mundo.

ACTIVIDADES

1. Acentúa.

- Os meus avos viven fora de Galicia, pero ven sempre a TVG.
- Aprendin a facer un no mariñeiro no curso de vela.
- Se non te chamo e porque fun tomar un te.
- Alberte non nos avisou de que fora ao cine e nos estivemos esperando fora por el media hora.
- Eu podo as polas cando podo e cando quero.
- Ti con eses lentes ves ben, mais veras como son mellores estes novos cos vellos.
- A diferenza entre ao e o e so gráfica, pero non de timbre; as dúas pronuncianse cu o aberto.

•Non ves que ven ferido; ven, axudao e mira que non teña roto o oso da perna.

2. Acentúa estas palabras e indica se son agudas, graves ou esdrúxulas.

coxegas, heroe, táctil, ademais, anunciou, tregua, acción triceps, loureiro, crater, medula, náusea lapis, revelou, amalgama, climax

3. Le o seguinte texto e busca no dicionario as palabras que descoñezas.

A nosa época e o mundo no que vivimos non ofrecen moitas razóns para ser optimistas.

As grandes cantidades de diñeiro que se gastan en armas poderían e deberían destinarse ao desenvolvemento e a satisfacer as urxentes necesidades dos países do Terceiro Mundo.

Pero, pola contra, a carreira de armamentos continúa. Máis de medio millón de científicos e de técnicos do mundo enteiro están dedicados a perfeccionar armas cada vez máis destrutivas, e máis do setenta por cento das investigacións que se están a realizar na actualidade son de carácter militar. É evidente o desperdicio de recursos que esas actividades entrañan, pero non hai que esquecer que elas comportan enormes ganancias a certas persoas e organismos.

Ao mesmo tempo, os países do Terceiro Mundo sofren de pobreza, de fame e de malnutrición, males que frecuentemente son atribuídos á "explosión demográfica". Pero as verdadeiras causas hai que buscalas na estrutura mesma dos sistemas de produción, se a xente ten fame non é por falla de alimentos. Mesmo no ano 1974, durante a peor crise alimentaria que sufriu o mundo, as reservas mundiais de cereais eran abondas para dar de comer a todos os habitantes do planeta. Pero cada vez é meirande o número de persoas que non poden pagar polos alimentos que necesitan. De aí que, mentres non se produzan cambios estruturais nas relacións de produción (é dicir, quen produce os alimentos, quen os vende, a que prezos, etc.), a acumulación de produtos agrícolas pouco ou nada influirá na erradicación da fame. En Asia do sueste, por exemplo, existen actualmente vinte e dous millóns de toneladas de excedentes alimentarios, mentres que na mesma rexión se contan por millóns as persoas famentas.

A fame é, pois, consecuencia da organización social máis que da produción, e non abunda con aumentar esta última para suprimir a fame no mundo.

Muzammel Huq, El correo de la UNESCO (adaptación)

4. Cal é a idea fundamental (tese) que defende o autor sobre as causas da fame no mundo?

5. Escribe dúas razóns que expoña o autor para defender a súa opinión.

6. Subliña os conectores textuais que utiliza o autor.

7. Este texto é argumentativo. Por que?